



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 8/06/2022, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

NON ASISTEN

CON EXCUSA

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 8/06/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria –

Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CREDITOS 7/2022, NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CREDITOS 2/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CREDITOS 3/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRDITO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CREDITOS 4/2022, NA MODALIDE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERIA.

7º) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 189/2022, DE 10/05/2022 (EXPEDIENTE 2022/G003/000191) POLA QUE SE APROBAN OS PROXECTOS MODIFICADOS DE OBRAS INCLUIDAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) – “POS+2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

8º) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 211/2022, DE 26/05/2022 (EXPEDIENTE 2022/G003/000215) POLA QUE SE APROBA O PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA “EDAR CASTRO E VILAR DE DUJO”, INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) – “POS+2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

9º) PROPOSTA DE ADHESIÓN, SE PROCEDE, Á DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS.

10º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA PARA COÑECEMENTO.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta do Pleno da Corporación de 7/04/2022, distribuída coa convocatoria.

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 7/04/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Alcalde - Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou areas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención estivo vacante.

Considerando que por resolución de 20/05/2022 da Dirección Xeral de Función Pública, pola que se resolveu o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE núm. 121 do



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

21/05/2022) adjudicóuselle a Marcos Vázquez Campaña o posto de secretaria – intervención deste concello.

Considerando que o secretario – interventor tomou posesión do seu posto o día 1/06/2022, e ese mesmo día a Dirección Xeral de Admon. Local outórgalle a Marcos Vázquez Campaña unha comisión de servizos para desempeñar o posto de intervención no Concello de Bueu, por un prazo máximo de un ano, prorrogable por outro.

Considerando que con data 2/06/2022 o secretario – interventor asina aca de cese polo pase a situación de comisión de servizos no concello de Bueu, a secretaria intervención deste concello volve estar vacante.

Resultando que, mediante resolución da Dirección Xeral de Admon Local de 3/06/2022 outorgase a Juan Carlos Carril Pérez o nomeamento accidental para o desempeño das funcións de Secretaría - Intervención no Concello de Fisterra desde o 3/06/2022 e ata a reincorporación do seu titular o ata a súa cobertura por calquera das modalidades de provisión temporal previstas no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaria – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS		
SECRETARIA	MENSUAL	MAIO	XUÑO	TOTAL
SOLDO	1.214,39 €	1.214,39 €	1.214,39 €	2.428,78 €
ANTIG	233,70	233,70 €	233,70 €	467,40 €
C.D.	951,46	383,19 €	383,19 €	766,38 €
C.E.	1.912,05 €	552,38 €	552,38 €	1.104,76 €
TOTAL	4.311,60 €	2.383,66 €	2.383,66 €	4.767,32 €

Así as cousas, e tendo en conta que a vacante no posto de secretaria – intervención incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos desta corporación, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello, Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de catro mil setecentos sesenta e sete euros e trinta e dous céntimos (4.767,32 €).

O Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor (3 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte acordo:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **catro mil setecentos sesenta e sete euros e trinta e dous céntimos** (4.767,32 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaria – intervención non consumidos durante os meses de maio e xuño de 2022.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 7/2022, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.

Vista a sentenza de 10/05/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo Número 3 de A Coruña, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por don Javier Fernández de Larrinoa Tojo, en nome e representación de don José Ramón Lema Fuentes, fronte:

1º) A desestimación presunta do recurso de reposición interposto fronte a resolución da alcaldía ditada no expediente 2021/G003/000059 que desestima a compensación económica polo importe dunha mensualidade por cada ano de vacacións non desfrutadas nos anos 2018 e 2019.

2º) A desestimación presunta da reclamación de 26/03/2021 na que se interesa a compensación das vacacións non desfrutadas no ano 2017 e posterior resolución de 15/11/2021.

Revócanse as citadas resolucións declarando haber lugar á compensación das vacacións non desfrutadas nas anualidades 2017, 2018 e 2019, condenando ao concello a abonar ao demandante a suma total de once mil novecentos sesenta e oito euros e noventa e sete céntimos (11.968,97 €), mais os intereses legais desde a reclamación administrativa.

Condenase á demandada ao pago das costas cun límite máximo de 400 € (máis IVE se procede) en canto aos honorarios do letrado da parte demandante.

Visto que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente orzamento da corporación, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde-Presidente propuxo a concesión dun crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 30/05/2022, emitiuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 30/05/2022, emitiuse informe de secretaría accidental sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 30/05/2022, emitiuse informe de intervención accidental polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e con esa mesma data elaborouse o informe de intervención accidental sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACORDO

1º) Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos número 7/2022, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **doce mil catrocentos sesenta e nove euros e dezanove céntimos** (12.469,19 €).

O expediente de modificación de créditos 7/2022, do vixente orzamento municipal adopta a modalidade de crédito extraordinario, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	CREDITO EXTRAORDIN.	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
929	120.09	Outras Retribucións Básicas	0,00 €	4.219,86 €	4.219,86 €
929	121.03	Outros Complementos	0,00 €	7.749,11 €	7.749,11 €
929	352	Intereses de Demora	0,00 €	500,22 €	500,22 €
TOTAL			0,00 €	12.469,19 €	12.469,19 €

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Estado e Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
.				
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	12.469,19 €
Total Ingresos				12.469,19 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CREDITOS 2/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.

Intervén o Sr. Alcalde - Presidente, manifestando que visto que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde - Presidente propuxo a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse informe de intervención polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e con esa mesma data tamén se elaborou o informe de intervención sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por cinco (5) votos a favor, (3 PSOE e 2 BNG) e cinco abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 2/2022, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **douscentos vinte e oito mil cento noventa euros e noventa e cinco céntimos (228.190,95 €)**, co seguinte detalle:

Suplemento en aplicación de gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROG.	ECON.				
011	359.00	Outros Gastos Financeiros	2.000,00 €	267,46 €	2.267,46 €
161	213.00	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	40.000,00 €	996,87 €	40.996,87 €
162.2	227.06	Estudios e Traballos Técnicos	155.000,00 €	35.271,77 €	190.271,77 €
165	221.00	Enerxía Eléctrica	35.000,00 €	624,52 €	35.624,52 €
170	227.09	Ouros Traballos realizados por empresas ou profesionais	20.000,00 €	18.243,14 €	38.243,14 €
231	131.00	Laboral Temporal	211.292,17 €	29.832,88 €	241.125,05 €
231	480.00	A familias e institucións sen fin de lucro	18.000,00 €	197,12 €	18.197,12 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

241	131.00	Laboral Temporal	123.868,31 €	22.339,09 €	146.207,40 €
324	221.00	Enerxía Eléctrica	6.000,00 €	871,57 €	6.871,57 €
324	221.03	Combustibles y Carburantes	3.000,00 €	555,20 €	3.555,20 €
334	226.02	Publicidade e Propaganda	8.500,00 €	363,00 €	8.863,00 €
334	226.09	Actividades Culturais e Deportivas	126.568,00 €	6.379,03 €	132.947,03 €
338	480.00	A familias e institucións sen fin de lucro	41.200,00 €	4.025,00 €	45.225,00 €
920	160.00	Seguridade Social	315.792,88 €	13.854,86 €	329.647,74 €
920	162.05	Seguros	9.000,00 €	539,41 €	9.539,41 €
920	214.00	Elementos de Transporte	20.000,00 €	6.711,44 €	26.711,44 €
920	220.00	Materia Oficina no Inventariable	4.500,00 €	153,25 €	4.653,25 €
920	220.01	Prensa, Revistas, Libros e outras publicacións	6.000,00 €	266,69 €	6.266,69 €
920	221.00	Enerxía Eléctrica	35.000,00 €	2.079,10 €	37.079,10 €
920	227.00	Limpeza e aseo	40.000,00 €	24.588,72 €	64.588,72 €
920	227.06	Estudios e Traballos Técnicos	181.251,00 €	60.030,83 €	241.281,83 €
		TOTAL	1.401.972,36 €	228.190,95 €	1.630.163,31 €

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
.	870	00	Remanente Líquido Tesourería	228.190,95 €
TOTAL				228.190,95 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CREDITOS 3/2022, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA.

Intervén o Sr. Alcalde - Presidente manifestando que visto que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde - Presidente propuxo a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 7/04/2022, emitíuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 7/04/2022, emitíuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 7/04/2022, emitíuse informe de intervención polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e, con esa mesma data elaborouse o informe de intervención sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por cinco (5) votos a favor, (3 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 3/2022, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **cento oitenta e sete mil setecentos setenta e catro euros e oitenta céntimos (187.774,80 €)**, co seguinte detalle:

Suplemento en aplicación de gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
160	213,00	Maquinaria, Instalacións e Utillaxe	15.000,00 €	10.000,00 €	25.000,00 €
160	221,00	Subministros	70.000,00 €	13.000,00 €	83.000,00 €
161	130,00	Retribucións Básicas	75.787,75 €	733,49 €	76521,24 €
161	213,00	Maquinaria, Instalacións e Utillaxe	40.000,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €
162,1	131,00	Laboral Temporal	97.564,36 €	1.444,98 €	99.009,34 €
163	227,06	Estudios e Traballos Técnicos	50.000,00 €	10.000,00 €	60.000,00 €
165	213	Maquinaria, Instalacións e Utillaxe	10.000,00 €	3.500,00 €	13.500,00 €

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

165	221,00	Enerxía eléctrica	35.000,00 €	5.000,00 €	40.000,00 €
170	227,09	Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	20.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
231	131,00	Laboral temporal	211.292,17 €	3.416,74 €	214.708,91 €
324	453,90	Outras subvencións a organismos dependentes da CCAA	24.300,00 €	8.000,00 €	32.300,00 €
341	131,00	Laboral Temporal	103.148,81 €	448,32 €	103.597,13 €
912	226,01	Atencións Protocolarias e representativas	2.000,00 €	2.000,00 €	4.000,00 €
912	230,00	Dietas Órganos Goberno	10.000,00 €	2.600,00 €	12.600,00 €
912	231,00	Locomoción órganos Goberno	1.000,00 €	1.000,00 €	2.000,00 €
920	131,00	Incremento Salarial 1%	11.948,50 €	12.167,80 €	24.116,30 €
920	160,00	Cotas Sociais. Seg. Social	315.792,88 €	1.963,47 €	317.756,35 €
920	212,00	Edificios e Outras Construcións	10.000,00 €	5.000,00 €	15.000,00 €
920	214,00	Elementos de Transporte	20.000,00 €	25.000,00 €	45.000,00 €
920	220,02	Material oficina ordinario non inventariable	10.000,00 €	2.500,00 €	12.500,00 €
920	221,00	Enerxía eléctrica	35.000,00 €	9.000,00 €	44.000,00 €
920	221,03	Combustible e carburante	15.000,00 €	10.000,00 €	25.000,00 €
920	221,10	Produtos limpeza e aseo	5.000,00 €	1.000,00 €	6.000,00 €
920	226,02	Publicidade e Propaganda	10.000,00 €	2.000,00 €	12.000,00 €
920	226,04	Xurídicos, contenciosos	20.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
920	227,00	Limpeza e aseo	40.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
920	625,00	Mobiliario	5.000,00 €	8.000,00 €	13.000,00 €
		TOTAL	1.262.834,47 €	187.774,80 €	1.450.609,27 €

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	187.774,80 €
			TOTAL	187.774,80 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DE CREDITO 4/2022, NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS, POR IMPORTE DE 10.000,00 €

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que visto que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente orzamento da corporación, e dado que se dispón de remanente de tesourería para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, o Sr. Alcalde-Presidente propuxo a concesión dun crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse a Memoria do Sr. Alcalde na que se especificaban a modalidade da modificación de crédito, a financiación da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse informe de secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 7/04/2022, emitiuse informe de intervención polo que se informou favorablemente a proposta da Alcaldía e con esa mesma data elaborouse o informe de intervención sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por cinco (5) votos a favor, (3 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, adopta o seguinte**

ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2022, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, por importe de **dez mil euros (10.000,00 €)**, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Estado de Gastos

APLICACION		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	CREDITO EXTRAORDIN.	CREDITOS FINAIS
PROGR.	ECONO.				
241	460.00	Achega municipal Obradoiro Emprego "Camiño do solpor"	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

		TOTAL	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
--	--	--------------	---------------	--------------------	--------------------

Esta modificación financíase con cargo o Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Estado e Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap	Art.	Conc.		
.				
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	10.000,00 €
Total Ingresos				10.000,00 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

7º) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA NÚMERO 189/2022 DE 10/05/2022 (EXPEDIENTE 2022/G003/000191) POLA QUE SE APROBAN OS PROXECTOS MODIFICADOS DE OBRAS INCLUIDAS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) – “POS+2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que por requirimento da Deputación Provincial foi necesario rectificar os proxectos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) – “POS+2022”.

Unha vez rectificadas os proxectos, para evitar demoras na tramitación dos devanditos expedientes, esta alcaldía ditou a resolución número 189/2022, de 10/05/2022 (expediente: 2022/G003/000191) co seguinte contido:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

“Aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 8/02/2022, a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) – “PSOE + 2022” da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o requirimento remitido pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, no que solicita a rectificación dos seguintes proxectos:

- Mellora do firme na rúa Cabo Fisterra.
- Mellora do firma na rúa Lagares – Fase I.
- Mellora do firme na rúa Lagares – Fase II.
- Mellora do saneamento na rúa Alcalde Fernández – rúa Náufragos.
- Mellora na rede de saneamento de augas pluviais na rúa Real.

Unha vez corrixidos os erros observados nos proxectos antes mencionados polo servizo de urbanismo, esta alcaldía ACORDA:

1º) Aprobar os proxectos modificados das obras que de seguido se indican:

- Mellora do firme na rúa Cabo Fisterra.
- Mellora do firma na rúa Lagares – Fase I.
- Mellora do firme na rúa Lagares – Fase II.
- Mellora do saneamento na rúa Alcalde Fernández – rúa Náufragos.
- Mellora na rede de saneamento de augas pluviais na rúa Real.

2º) Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial, para o seu coñecemento e demais efectos.

3º) Dar conta deste acordo ao pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que celebre, para a súa ratificación”.

Hoxe tráese a pleno ratificar esta resolución da alcaldía para unir ao expediente e comunicarlla a Deputación.

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación de ratificación da resolución da alcaldía número 189/2022 de 10/05/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

8º) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA NÚMERO 211/2022 DE 26/05/2022 (EXPEDIENTE 2022/G003/000215) POLA QUE SE APROBA O PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA “EDAR CASTRO E VILAR DE DUJO”, INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) – “POS+2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez, manifestando que por requirimento da Deputación Provincial foi necesario rectificar o proxecto da obra denominada “Edar Castro e Vilar de Dujó”, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) – “POS+2022”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Unha vez rectificad o proxecto, para evitar demoras na tramitación do devandito expediente, esta alcaldía ditou a resolución número 211/2022, de 26/05/2022 (expediente: 2022/G003/000215) co seguinte contido:

“Aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 8/02/2022, a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) – “PSOE + 2022” da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o requirimento remitido pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, no que solicita a rectificación do seguinte proxecto:

- EDAR de Castro e Vilar de Duio.

Unha vez corrixidos os erros observados no proxecto antes mencionado polo servizo de urbanismo, esta alcaldía ACORDA:

1º) Aprobar os proxecto modificado da obra que de seguido se indica:

- EDAR de Castro e Vilar de Duio.

2º) Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial, para o seu coñecemento e demais efectos.

3º) Dar conta deste acordo ao pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que celebre, para a súa ratificación”.

Hoxe tráese a pleno ratificar esta resolución da alcaldía para unir ao expediente e comunicarlle a Deputación.

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación de ratificación da resolución da alcaldía número 211/2022 de 26/05/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

9º) PROPOSTA DE ADHESIÓN, SE PROCEDE, Á DECLARACIÓN SOBRE A DEFENSA DO CEO NOCTURO E O DEREITO Á LUZ DAS ESTRELAS.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que propoñe ao pleno a adhesión á declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas, co seguinte contido:

1 – Na devandita declaración, emanada da “I Conferencia Internacional Starlight” (2007), e na que participaron na súa elaboración representantes de UNESCO, OMT, IAU, IAC, Programa MaB e Convención Ramsar, ademais doutros organismos internacionais, contéñense os principios e reflexións que levan a considerar o Ceo Nocturno como un patrimonio de todos e expóñense as recomendacións para protexelo e valoralo como n ben científico, cultural, medioambiental e turístico de primeira magnitude.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Con esta Declaración iniciase unha campaña internacional, xestionada pola Fundación Starlight, en defensa da calidade dos ceos nocturnos e o dereito á observación das estrelas, aberta á participación de todas as institucións, públicas e privadas, asociacións científicas, culturais e cidadáns, relacionadas coa defensa do ceo nocturno.

2 – Preténdese así reforzar a importancia que os ceos limpos teñen para a Humanidade, realzando e dando a coñecer o valor que este patrimonio, en perigo, posúe para a ciencia, a educación, a cultura e o turismo. Así tamén, se destaca o dereito a un ceo nocturno non contaminado como factor de calidade de vida, axudando a difundir os beneficios directos e indirectos, tecnolóxicos, económicos e culturais, asociados á observación das estrelas.

3 – Ao adherirse á “Declaración en Defensa do Ceo Nocturno e o desenvolvemento á luz das Estrelas”, asúmense como propios os obxectivos contidos na mesma”.

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que ...

Seguidamente, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de adhesión á “Declaración en Defensa do Ceo Nocturno e o desenvolvemento á luz das Estrelas” e o Pleno da Corporación, por cinco (5) votos a favor (3 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo Popular, acorda aprobala en todo o seu contido.

10º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2022/G003/00000139 de 5/04/2022 ata a número 2022/G003/00000226 de 6/06/2022.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

11) ROGOS E PREGUNTAS

- Intervén o voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, preguntando por unha factura de Domingo de Resurrección de 345€ de Sonia Fábregas.

- O Sr. Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), responde que é da asociación que viñera a presentar un documental de Rubén Ríos, onde falaba da asociación Discamino, do Camiño de Santiago e dixémoslle que o camiño non acababa en Santiago senón que acababa aquí. Viñeron ata aquí e pedíronos o pavillón para poder durmir e ducharse ese día, e sabendo o estado no que está o pavillón non podían durmir nin ducharse aí, entón buscóuselles un albergue para que se puideran aloxar ese día que estaban aquí.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

É unha asociación de discapacitados que veñen nunha cadeira de rodas, tamén traen algunha bicicleta. Non sei si vichedes ao voso presidente Rueda nunha desas bicicletas, teñen un nome esas bicicletas pero non me lembro como se chaman.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, responde que ten que ver Rueda, a Rueda non se lle paga o albergue.

- O 1º Tenente de Alcalde, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG) responde que non sei se o vichedes con esa asociación.

- O concelleiro do grupo popular, Sr. Santiago Insua Esmorís-Recamán, pregunta si ese albergue era o que tiña mellor acceso para minusválidos.

- O 1º Tenente de Alcalde, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), responde que ese albergue era o que tiña praza para acoller a todos xuntos.

- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta por un servizo de ambulancia de 272 € do 30 de abril.

- O 1º Tenente de Alcalde, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), responde que foi para o Domingo de Resurrección, por si pasaba algo.

- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta por unha factura de Cabo Sport de 1.040 € de material deportivo.

- A concelleira do grupo BNG, Sra. Teresa Fernández Martínez, responde que iso debe ser dos Reis, de regalos para os nenos da residencia, pero non deben ser mais de cento e poucos euros.

- O 1º Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), responde non cree que sexa tanto.

- O Sr. Alcalde-Presidente, José Marcote Suárez (PSdeG) manifestando que é moi posible que sexa do material que se comprou para repoñer o material que roubaron en deportes.

- O voceiro do grupo popular Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta por unha factura de 600€, na casa das Peritas de Mallas.

- O 1º Tenente de Alcalde, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), responde que iso foi unha colaboración cunha asociación que fixo unhas actividades, unhas xornadas en Mallas.

- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta se foi nunha casa particular.

- O 1º Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira (grupo BNG), responde que non, que foi na rúa.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- A concelleira do grupo BNG, Sra. Teresa Fernández Martínez, responde que unhas actividades fixéronse dentro, como as exposicións, e despois, as actuacións e a colaboración foron fóra, no lavadoiro de Mallas, unha delas foi a que pagamos nós.
- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta si Juan Carlos está cobrando a nómina de secretario.
- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que non, que únicamente está cobrando a diferenza do complemento de destino e do complemento específico entre o seu seu posto de auxiliar e o do secretario. O soldo e antigüidade que cobro é a de auxiliar de administración xeral.
- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta si cobra asistencia aos plenos.
- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que non.
- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta por unha nota de horas extras.
- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que é por traballos que fai fóra do horario laboral.
- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, pregunta si hai algúns que están dentro do horario da xornada.
- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez responde que non pode ser.
- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, responde que unicamente que caian en fin de semana.
- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que o comprobe, que non pode ser. Seguro que son horas feitas en sábados e domingos, pero dentro da xornada normal de traballo é imposible, ten que ter en conta que ademais das funcións de secretaria – intervención, continuo realizando as miñas funcións como auxiliar de administración xeral.
- Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez (PSdeG) para manifestar que as horas están feitas e aínda fai máis horas das que cobra.
- O concelleiro do grupo popular, Sr. Santiago Insua Esmorís-Recamán, pregunta canto suma o que cobra por secretario.
- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que suma 1.500 € menos mensuais que o secretario titular.
- O concelleiro do grupo popular, Sr. Santiago Insua Esmorís-Recamán, pregunta pola nómina de maio.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde no mes de maio cobrou a paga extra, xa que coa toma de posesión do novo secretario, rematou o seu encargo como secretario accidental e houbo que finiquitar esa versión no programa de nóminas. En xuño no vou cobrar paga extra porque xa a cobrou no mes de maio. No mes de xuño vou cobrar dúas nóminas, unha de 3 días como auxiliar e outra de 27 días como secretario accidental.

- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, di se pode preguntar.

- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que claro que poden preguntar, ademais, todas as nóminas poñen as cantidades que corresponden a cada concepto. A nómina de maio inclúe a paga extra. Podedes buscar por outro secretario que cobre 4.000 € con paga extra. Cando queirades ver a nómina solo tendes que pedila.

- O voceiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, responde que cando algo che chama a atención, tes que preguntar.

- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que busque un secretario de calquera concello veciño que estea en accidentalidade, que con paga extra cobre 4.000 €. Non esqueza que a José Ramón estamoslle a pagar 4.000 € cada mes, e aquí estamos falando dun mes con paga extra.

- Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez (PSdeG), manifestando que a Juan Carlos non se lle pagan as horas extras que fai.

- O secretario interventor accidental, Juan Carlos Carril Pérez, responde que non, que tampouco as pide. Cobro o máximo anual que son as 80 horas.

E non tendo mais asuntos dos que tratar o Sr. Alcalde - Presidente, levanta a sesión sendo as 21:45 horas, do que, como secretario - accidental, dou fe.